



**MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS NA PARROQUIA DE SERANTES.
PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025**

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Este concello ten concedida unha subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dentro das actuacións incluídas no Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, para o que se redactou o proxecto denominado “Proxecto técnico de mellora de camiños rurais na parroquia de Serantes, Concello de Laxe”, redactado en febreiro de 2024 polo enxeñeiro técnico de obras públicas D. David Piña Villar, adscrito á empresa Atomo Estudio Técnico, por un valor estimado de 46.646,68 euros, con 9.795,80 euros de IVE, facendo un importe total de 56.442,48 euros, aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 591/2024, de 08/08/2024.

Vistos os prazos de xustificación da dita subvención, faise necesario proceder á contratación das ditas obras canto antes.

Atendendo a que este concello non dispón de medios persoais nin materiais que permitan realizar esta actuación, faise necesario a contratación dunha empresa externa, con capacidade para realizar estas obras .

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto do proxecto, estamos ante un contrato administrativo de obras regulado nos arts. 12 e 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), necesarios para posibilitar, de acordo coas leis, o cumprimento dos fins propios do concello como sen dúbida son os da realización das obras previstas nesta actuación e contidas nos respectivos documentos técnicos, onde se detalla a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

Necesidade a satisfacer:

Trátase de actuacións en 2 camiños municipais, realizando:

- Tarefas de mellora e mantemento en Camiño Canle (na parroquia de Serantes), que da acceso a 27 parcelas clasificadas no Sixpac como pastizal ou terra arable.
- Tarefas de mellora e mantemento en Camiño en Trasfontáns (parroquia de Serantes), que da acceso a 34 parcelas clasificadas no Sixpac como pastizal ou terra arable.

As actuacións que se executarán con este proxecto son as correspondentes á mellora e mantemento do firme dos camiños obxecto da actuación e do drenaxe lonxitudinal (cunetas) dos mesmos de maneira que se permita ofrecer ás persoas usuarias un mellor servizo. Todo isto dentro dunha eficiente xestión dos recursos municipais. Os dous son camiños municipais que dan acceso a parcelas agrícolas e que necesitan ser arranxados para mellorar o acceso e o paso ás ditas parcelas.

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2. d), que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “Infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”, polo que o arranxo dos camiños municipais forman parte das competencias municipais.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

Ademais xa que foi un proxecto aprobado para incorporalo como investimento nunha subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ten un prazo de execución límite para a anualidade correspondente ao ano 2024 ata o 11/12/2024, polo que é necesario licitar a contratación da dita obra.

Visto o informe técnico municipal D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa Átomo Estudio Técnico como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), de data 08/08/2024 en relación ao citado proxecto no que se conclúe que a actuación prevista cumpre coa lexislación urbanística e sectorial, así como o planeamento en vigor e conta cos permisos e actuacións necesarios para a execución do proxecto.

Visto as autorizacións sectoriais solicitadas e autorizadas de:

- Declaración responsable para a realización de actuacións menores de mantemento e conservación no dominio público hidráulico e zona de policía (procedemento AU113C) para os dous camiños.
- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, resolución de data 11/04/2024.

As características do contrato son as seguintes:

Tipo de contrato: Obras	
Obxecto do contrato: Mellora de camiños rurais na parroquia de Serantes.	
Procedemento de contratación: Aberto simplifícadísimo ou simplificado sumario	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado	
Valor estimado do contrato: 46.646,68 euros	IVE: 21%: 9.795,80 euros
Importe total: 56.442,48 euros	
Prazo de execución: 3 meses	
*Aínda que o proxecto establece un pazo de execución de 3 meses, o contratista adxudicatario deberá comprometerse a executar a parte da obra correspondente á anualidade 2024 antes do 03/12/2024, dado o prazo de xustificación da subvención que finaliza.	

Analizadas as necesidades municipais e á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplifícadísimo ou simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Á vista do anterior,

DISPOÑO

PRIMEIRO. Que pola Intervención municipal sexa emitido informe de existencia de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

así mesmo, infórmese a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

SEGUNDO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Laxe, na data de sinatura da marxe

O alcalde,

Asdo. Francisco Charlín Oróns

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE